Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

DO-0202 Promoción das titulacións

R1 DO-0202 Informe Anual de Promoción das titulacións do centro

Centro: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Curso académico: 2025/2026

Aprobado en Comisión de Calidade o 07/10/2026

Vigo, a 7 de outubro de 2026

Firmado digitalmente por GARCIA LOMBA GUILLERMO - 35556775V
Fecha: 2026.10.07 16:00:30 +02'00'

Guillermo García Lomba

Coordinador de Calidade

O obxectivo do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EEME) é establecer a sistemática que permita ao centro planificar, organizar e avaliar de forma adecuada as accións de divulgación da súa oferta formativa. Este Plan ten un carácter anual e ten como obxectivo fundamental o de ofrecer ao estudantado potencial información directa sobre as características das titulacións da EEME.

Este Informe Anual de Promoción do Centro recolle o conxunto de accións realizadas durante o curso 2025/2026.

A persoa responsable do Plan de Promoción é a Coordinadora da Comisión de Difusión do Centro, Raquel Pérez Orozco. As súas funcións son:

— Avaliación anual das actividades planificadas, recompilando e arquivando as evidencias xeradas á finalización do curso académico e que se resume neste documento, *Informe Anual de Promoción do Centro, Curso 2025/2026*. O devandito seguimento debe ser aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade e pola Xunta de Escola.

— Remitir á Comisión de Garantía de Calidade do centro a proposta do Plan de Promoción para o curso 2026/2027. Dita proposta debe ser aprobada pola devandita comisión así como pola Xunta de Escola ao inicio do curso académico.

— Distribuír as actividades de Promoción entre os membros da Comisión de Difusión, o Equipo Directivo e o profesorado do centro.

Informe da Coordinadora da Comisión de Difusión das titulacións impartidas na EEME

CURSO 2025/2026

Seguindo a tendencia habitual dos cursos académicos previos, no 2025/2026 a EEME estivo presente en 93 centros educativos de educación primaria, secundaria, bacharelato e FP de Galicia grazas ás diferentes actividades de divulgación científica e promoción da oferta formativa do centro que organiza e nas que participa.

En setembro de 2025, a EME enviou por correo electrónico cartas informativas coa oferta das actividades de difusión e os concursos a todos os IES e Bacharelato da comunidade co fin de darlle visibilidade ás titulacións do centro (ANEXO I):

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Mestrado universitario en Enxeñaría de Minas
- Mestrado interuniversitario en Xestión Sostible da Auga.

Este Informe Anual do Plan de Promoción do curso 2025/2026 presenta a seguinte estrutura:

1. Actividades nas que persoal da EEME visita os centros educativos
2. Actividades nas que os centros educativos ou público xeral visitan a EEME
3. Participación en Feiras de Orientación Universitaria
4. Participación noutros eventos de divulgación científica
5. II Olimpíada da Enerxía
6. Recursos materiais de promoción e divulgación
7. Concursos organizados pola EEME
8. STEMBach
9. Redes sociais

1 Actividades nas que persoal da EEME visita os centros educativos

1.1 Conferencias de divulgación científica e/ou tecnolóxica e sesións informativas sobre a oferta formativa do centro

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/conferencias-tematicas/

Os centros de educación primaria, secundaria e bacharelato poden solicitar á EEME calquera das conferencias ofertadas, de maneira que un/unha profesor/a da EEME, acompañado/a nalgúns casos dun ou dunha estudante dos últimos cursos dos graos, se despraza ao centro interesado. Durante unha hora realízase a exposición sobre o tema solicitado. Para facer máis interesante a exposición, a persoa docente tenta acompañar a súa exposición con actividades manipulativas. En todas as actividades faise referencia ás titulacións da EEME, especialmente aos graos. Ademais, os centros poden solicitar unha conferencia non ofertada sempre e cando estea relacionada con enerxía, materiais, minería e medio ambiente. As conferencias impartidas no curso 2025/2026 foron:

A) SESIÓNS INFORMATIVAS SOBRE A OFERTA FORMATIVA DO CENTRO (nivel grao, duración: 50 minutos)

— Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos

— Grao en Enxeñaría da Enerxía

B) CONFERENCIAS TEMÁTICAS (duración: 50 minutos)

— Materiais intelixentes e outras aplicacións

— Física Re-Creativa: http://www.clickonphysics.es/

— Recursos minerais en Galicia e España

— Aplicacións da termografía infravermella no campo dos recursos naturais e medio ambiente

— Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros

— Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras

— Conservación do *street art* (dirixida a estudantes de química, ciencias da terra e xeoloxía)

— ¿Que fai un/unha enxeñeiro/a de minas conservando patrimonio cultural?

— Minaría espacial

— A chispa azul: a enerxía do mar

— EnerXIKAs: referentes en feminino na enxeñaría.

Un total de 44 centros solicitaron que o persoal da EEME os visitase e concretamente 45 conferencias foron impartidas e chegouse a 2014 estudantes de educación secundaria e bacharelato. As conferencias realizadas polo persoal da EEME en centros de educación secundaria e bacharelato durante o curso 2025/2026 recóllense na Táboa 1.

Táboa 1: Conferencias impartidas en centros de primaria, secundaria e bacharelato no curso 2025/2026

Data	Centro	Nivel do alumnado	Nº asistentes	Persoal da EEME	Actividade
16/09/2025	IES de Mos (Mos)	4º ESO	60	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
22/09/2025	IES de Poio (Poio)	4º ESO e 1º Bach	50	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
08/10/2025	IES de Allariz (Allariz)	2º Bach	25	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
20/10/2025	IES da Cañiza (A Cañiza)	1º e 2º Bach	31	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
06/11/2025	CPI Virxe da Saleta (Cea)	4º ESO	10	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
07/11/2025	IES Valadares (Vigo)	1º e 2º Bach	25	María Pazo	Coloquios Mulleres STEAM: "Mulleres na Ciencia e na Arte"
10/11/2025	Colexio Manuel peleteiro (Santiago de Compostela)	1º e 2º Bach	300	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
14/11/2025	CPI Virxe da Saleta (Cea)	1º e 2º ESO	30	Carmen Mariño e Raquel Pérez	Crebacabezas de Materiais
21/11/2025	IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa)	1º ESO	125	Iria Feijoó, Silvia Gómez e Raquel Pérez	Materiais Intelixentes: Ciencia Ficción ou realidade?
25/11/2025	Colexio Plurilingüe Vigo (Redondela)	1º Bach	16	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
28/11/2025	IES do Castro (Vigo)	1º e 2º Bach	46	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
17/12/2025	IES do Castro (Vigo)	1º Bach	21	Carlos Pérez Collazo	A chispa azul
19/12/2025	IES Antón Losada Diéguez (A Estrada)	3º e 4º ESO	75	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
08/01/2026	IES Plurilingüe de Ames (Ames)	2º Bach	14	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
08/01/2026	IES Canido (Ferrol)	1º e 2º Bach	27	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
08/01/2026	IES Saturnino Montojo (Ferrol)	1º Bach	31	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
09/01/2026	IES As Mariñas (Betanzos)	2º Bach	33	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
09/01/2026	IES de Sada (Sada)	22 Bach	21	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
09/01/2026	IES Marco do Camballón (Vila de Cruces)	4º ESO	30	Javier López	Intelixencia Artificial
09/01/2026	IES de Monterroso (Monterroso)	4º ESO, 1º e 2º Bach, FP básica e FP medio	51	Javier López	Intelixencia Artificial
12/01/2026	IES Concepción Arenal (Ferrol)	1º Bach	60	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
12/01/2026	IES de Fene (Fene)	1º Bach	23	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
14/01/2026	IES As Telleiras (Narón)	2º Bach	58	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
14/01/2026	IES Moncho Valcarce (As Pontes de García Rodríguez)	1º 2º Bach	30	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
19/01/2026	IES Virxe do Mar (Noia)	2º Bach	50	Elena Alonso	Restauración de espazos mineiros
21/01/2026	IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia)	4º ESO, 1º e 2º Bach	67	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
30/01/2026	IES Xograr Afonso Gómez (Sarria)	3º ESO	48	Raquel Pérez	Intelixencia Artificial
03/02/2026	IES Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño)	1º e 2º Bach	22	Benito Vázquez	Física Re-Creativa – Espectroscopía e Difracción

05/02/2026	IES Alonso Ríos (Tomiño)	1º Bach	30	Iago Pozo	Convervación do Patrimonio Cultural
06/02/2026	IES do Milladoiro (Ames)	ESO e Bach	63	María Pazo e Raquel Pérez	EnerXIKAS
06/02/2026	IES Vilalonga (Sanxenxo)	1º e 2º Bach	59	María Pazo e Raquel Pérez	EnerXIKAS
02/03/2026	CEIP Igrexa (Redondela)	5º e 6º primaria	18	Raquel Pérez	EnerXIKAS Intelixencia Artificial
02/03/2026	CEIP Quintela (Redondela)	5º e 6º primaria	18	Raquel Pérez	EnerXIKAS Crebacabezas Materiais
04/03/2026	CEIP Alexandre Bóveda (Redondela)	6º primaria	19	Raquel Pérez	EnerXIKAS Crebacabezas Materiais
09/03/2026	CEIP Porto Cabeiro (Redondela)	5º e 6º	26	Raquel Pérez	EnerXIKAS Recoñecemento de Minerais
09/03/2026	CEIP Outeiro das Penas (Redondela)	6º	38	Raquel Pérez	EnerXIKAS Intelixencia Artificial
24/03/2026	IES Coruxo (Vigo)	2º Bach	15	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
25/03/2026	IES Xunqueira I (Pontevedra)	4º ESO, 1º e 2º Bach	99	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
26/03/2026	IES A Pinguela (Monforte de Lemos)	2º Bach	11	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
10/04/2026	IES Breamo (Pontedeume)	1º e 2º Bach	70	Francisco Deive	Charla informativa sobre os Graos
10/04/2026	IES Xesús Taboada Chivite (Verín)	2º Bach	27	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
17/04/2026	IES As Telleiras (Narón)	2º Bach	28	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
23/04/2026	IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)	1º Bach	40	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
12/05/2026	IES Castelao (Vigo)	2º Bach	20	Benito Vázquez	Física Re-Creativa
14/05/2026	CPR Plurilingüe Labor (Vigo)	2º ESO	54	Benito Vázquez	Física Re-Creativa



Figura 1: Conferencias temáticas en diversos centros. A: IES Castro Alobre (Materiais Intelixentes). B: IES As Telleiras (Física Re-Creativa). C: IES do Milladoiro (actividade de igualdade EnerXIKAs).

1.2 Obradoiro de Recoñecemento de visu de Minerais

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/coleccion-de-minerais-manuel-de-sas-de-la-encina/obradoiro-de-reconecemento-de-minerais/

A EEME recibe centros que estean interesados en realizar un "Obradoiro de recoñecemento *de visu* de minerais". Esta actividade ten unha duración de dúas horas; a primeira hora céntrase nunha

exposición sobre as características e peculiaridades dos minerais, exposición denominada "*Mineral tales*" e a segunda céntrase no recoñecemento dun conxunto de 3 exemplares coa axuda do material necesario para a súa identificación: lupa, material para identificar a dureza (moeda de cobre, vidro, porcelana, etc.). No curso 2025/2026, realizáronse 6 obradoiros de recoñecemento de minerais fóra da EEME (Táboa 2).

Táboa 2: Centros educativos nos que se realizou o obradoiro de recoñecemento de minerais.

Data	Centro	Nivel alumnado	Nº de asistentes	Persoal da EEME
03/10/2025	IES A Pinguela (Monforte de Lemos)	1º e 2º Bach	27	Laura Andrés Raquel Pérez
17/10/2025	IES de Allariz (Allariz)	1º ESO	66	Raquel Pérez
25/11/2025	IES de Sar (Santiago de Compostela)	1º ESO	50	Santiago Pozo Ignacio Pérez
12/12/2025	IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela)	1º ESO	106	Ignacio Pérez e María Pazo
18/03/2026	CPR Santiago Apóstol (Ponteareas)	4º ESO	50	Teresa Rivas e Pablo Alonso
17/04/2026	Colexio Santa Cristina (Vigo)	1º ESO	27	Ignacio Pérez e María Pazo

1.3 Exposición Itinerante

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/exposicion-itinerante/

A EEME ofrece a posibilidade de enviar ao centro interesado unha exposición de carácter didáctico que versa sobre os principais *Recursos Naturais de Galicia, Materiais e Reciclaxe, Restauración de Espazos Naturais*. Nesta exposición descríbense os recursos enerxéticos e mineiros de Galicia e faise unha breve descrición técnica de como é o seu aproveitamento. Ademais recóllese información sobre as fontes de enerxía alternativas como a hidráulica, eólica, xeotermia, solar e biomasa. Móstrase a importancia dos materiais no ámbito industrial automobilístico e a reciclaxe dos mesmos. A exposición consta de cinco *banners* con soporte autoportante, de fácil montaxe e coa posibilidade de colocación en espazos reducidos. O tempo de concesión é de aproximadamente 2 semanas. Disponse de tres exemplares e como se recolle na Táboa 3, a exposición estivo en 8 centros no curso 2025/2026.

Táboa 3: Centros nos cales estivo localizada a exposición itinerante durante o curso 2025/2026.

Centro	Datas
IES Politécnico de Vigo (Vigo, Pontevedra)	11/09/2025 – 26/09/2025
IES A Pinguela (Monforte, Lugo)	03/10/2025 – 17/10/2025
EPA Eduardo Pondal (A Coruña)	06/10/2025 – 19/10/2025
IES de Rodeira (Cangas, Pontevedra)	04/11/2025 – 14/11/2025
IES Ricardo Mella (Vigo, Pontevedra)	10/11/2025 – 21/11/2025
IES Virxe do Mar (Noia, A Coruña)	19/01/2026 – 30/01/2026
IES República Oriental do Uruguay (Vigo, Pontevedra)	09/02/2026 – 20/02/2026
IES Ferro Couselo (Ourense)	04/05/2026 – 15/05/2026



Figura 2: Paneis constituíntes da exposición itinerante.

2 Actividades nas que o centro educativo ou público xeral visita a EEME

2.1 Conferencias de divulgación científica e/ou tecnolóxica e sesións informativas sobre a oferta formativa do centro

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/conferencias-tematicas/

Os centros de educación primaria, secundaria e bacharelato poden solicitar á EEME calquera das conferencias ofertadas. Durante unha hora realízase a exposición sobre o tema solicitado. En todas as actividades faise referencia ás titulacións da EEME, especialmente aos graos. Ademais, os centros poden solicitar unha conferencia non ofertada sempre e cando estea relacionada con enerxía, materiais, minería e medio ambiente. As conferencias impartidas no curso 2025/2026 foron as recollidas na Táboa 4, chegando a 6 centros e un total de 138 asistentes.

Táboa 4: Conferencias impartidas na EEME no curso 2025/2026

Data	Centro	Nivel alumnado	Nº de asistentes	PDI participante	Temática
26/11/2025	IES de Soutomaior (Soutomaior-Pontevedra)	2º Bach	6	Raquel Pérez	Charla informativa sobre os Graos
03/12/2025	IES de Mos (Mos)	4º ESO, 1º e 2º Bach	18	María Araújo	Minería Espacial
14/01/2026	IES Ricardo Mella (Vigo)	4º ESO e 1º Bach	21	Ignacio Pérez	A arte de non caer
15/01/2026	IES Terra de Soneira (Vimianzo)	1º Bach	23	María Araújo	Minería Espacial
12/02/2026	Programa LCA	Preuniversitario	25	Francisco Deive e Raquel Pérez	Charla informativa sobre os Graos
27/05/2026	IES Monte da Vila (O Grove)	2º ESO	45	Iria Feijoó e Silvia González	Crebacabezas dos Materiais



Figura 3: Conferencias temáticas realizadas na EEME: a) *A arte de non caer* (IES Ricardo Mella de Vigo), b) *Minería Espacial* (IES de Mos) e c) sesión informativa sobre as titulacións do centro (programa LCA da UVigo).

2.2 Obradoiro de Recoñecemento *de visu* de Minerais

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/coleccion-de-minerais-manuel-de-sas-de-la-encina/obradoiro-de-reconecemento-de-minerais/

A EEME recibe centros que estean interesados en realizar un "Obradoiro de recoñecemento *de visu*

de minerais". Esta actividade ten unha duración de dúas horas; a primeira hora céntrase nunha exposición sobre as características e peculiaridades dos minerais, exposición denominada "*Mineral tales*" e a segunda céntrase no recoñecemento dun conxunto de 3 exemplares coa axuda do material necesario para a súa identificación: lupa, material para identificar a dureza (moeda de cobre, vidro, porcelana, etc.). O feito de que os centros visiten a EEME, permite darlle visibilidade ás titulacións impartidas no centro. No curso 2025/2026, realizáronse 5 obradoiros de recoñecemento de minerais na EEME (Táboa 5).

Táboa 5: Centros que visitaron a EEME, realizando o obradoiro nas instalacións da escola.

Data	Centro	Nivel alumnado	Nº de asistentes	Persoal da EEME
22/10/2025	CPR Andersen (Vigo)	1º ESO	29	Laura Andrés
09/01/2026	IES Johan Carballeira (Bueu)	1º Bach	16	Ignacio Pérez
14/01/2026	IES Ricardo Mella (Vigo)	4º ESO e 1º Bach	21	Teresa Rivas e Laura Andrés
21/01/2026	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	35	Raquel Pérez
10/04/2026	Compañía de María (Cangas)	1º e 2º ESO	60	Ignacio Pérez e María Pazo



Figura 4: Obradoiro de recoñecemento de minerais que se organizaron a) nas instalacións da EEME co IES Ricardo Mella (versión virtualizada) e nas instalacións dos centros educativos: b) IES A Pinguela de Monforte de Lemos, c) IES de Sar de Santiago de Compostela.

2.3 Aula Aberta á Tecnociencia

https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/aula-aberta-a-tecnociencia/

A EEME dispón da Aula Aberta á TecnoCiencia. Trátase dun espazo onde o centro solicitante, tras cita previa, realiza durante unha hora un módulo baseado en actividades manipulativas, de maneira que as persoas visitantes poidan ver de xeito práctico conceptos relacionados con enerxía, materiais e medio ambiente. Actualmente os módulos que se ofertan son:

- Módulo de combustión: "*May the fire be with you*"
- Módulo de xeotecnoloxías: topografía con realidade aumentada
- Módulo termografía infravermella: Visión infravermella: unha nova forma de contemplar o mundo
- Módulo de física: Física Re-Creativa
- Módulo de materiais: A febre dos materiais

- Módulo de enxeñaría do terreo: "*The Wall*"
- Módulo de intelixencia artificial : érase unha vez un mundo de datos
- Módulo de enxeñaría química: dende as fontes termais galegas ata o motor do coche.

Na Táboa 6 amósase a relación dos 16 centros que visitaron á Aula Aberta á TecnoCiencia durante o curso 2025/2026 xunto cos módulos realizados. En total participaron 503 asistentes.

Táboa 6: Centros que durante o curso 2025/2026 asistiron a algún módulo da Aula Aberta á TecnoCiencia.

Data	Centro	Nivel do alumnado	Nº de asistentes	Persoal da EEME	Módulo
04/11/2025	IES Carlos Casares (Vigo)	1º Bach	45	Benito Vázquez Marta Caride e Juan José García	Física Re-Creativa Combustión
12/11/2025	IES Pazo da Mercé (As Neves)	3º, 4º ESo e 1º Bach	40	Francisco Deive Amanda Franco e Raquel Pérez	Enx. Química Combustión
19/11/2025	IES Luis Seoane (Pontevedra)	4º ESO e 1º Bach	10	María Araújo e Pablo Alonso Raquel Pérez	The Wall Combustión
01/12/2025	Colexio Vigo (Redondela)	2º Bach	25	Mario Soilán, Antón Núñez e Juan Carlos Navares Amanda Franco e Juan José García	Xeotecnoloxías Combustión
03/12/2025	IES de Mos	4º ESO, 1º e 2º Bach	18	Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos	Enx. de Materiais
18/12/2025	IES do Castro (Vigo)	4º ESO	60	Benito Vázquez Amanda Franco e Juan José García	Física Re-Creativa Combustión
09/01/2026	IES Johan Carballeira (Bueu)	1º Bach	16	Marta Caride e Raquel Pérez	Combustión
15/01/2026	IES Terra de Soneira (Vimianzo)	1º Bach	23	Benito Vázquez Amanda Franco e Marta Caride	Física Re-Creativa Combustión
16/01/2026	Colexio Jesuitinas Miralba (Vigo)	1º e 2º Bach	23	Moisés Cordeiro e Pablo López Antón Núñez e Juan Carlos Navares	Intelixencia Artificial Xeotecnoloxías
20/01/2026	IES Beade (Vigo)	1º Bach	12	Francisco Deive María Araújo e Pablo Alonso	Enx. Química The Wall
21/01/2026	IES Castelao (Vigo)	1º Bach	35	Amanda Franco e Marta Caride	Combustión
26/03/2026	Compañía de María (Vigo)	2º Bach	25	Antón Núñez e Juan Carlos Navares	Xeotecnoloxías
08/04/2026	IES de Teo (Teo)	1º e 2º Bach	21	Benito Vázquez Amanda Franco e Juan José García	Física Re-Creativa Combustión
10/04/2026	Compañía de María (Cangas)	1º e 2º ESO	60	Beatriz Guitián e Aránzazu Pintos	Enx. de Materiais
24/04/2026	IES Pino Manso (O Porriño)	1º Bach	45	Benito Vázquez Amanda Franco e Juan José García	Física Re-Creativa Combustión
27/05/2026	IES Monte da Vila (O Grove)	2º ESO	45	Antón Núñez e Juan Carlos Navares	Xeotecnoloxías



Figura 5: Folleto informativo da Aula Aberta á Tecnociencia

2.4 Portas abertas nos laboratorios da EEME

Os centros de educación primaria e secundaria tamén poden visitar a Escola para visitar os diferentes laboratorios. Este curso 2025/2026, acudiu ás xornadas de portas abertas 1 IES cun total de 6 estudantes.

Táboa 7: Centros que durante o curso 2025/2026 realziaron Visitas de Portas Abertas na EEME

Data	Centro	Actividade	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
26/11/2025	IES de Soutomaior (Soutomaior-Pontevedra)	Eficiencia Enerxética na Edificación. Experiencia virtualizada para o recoñecemento de minerais. Laboratorio de Conservación de Patrimonio Laboratorio de Tecnoloxías da Combustión	Moisés Cordeiro e Pablo López (GTE) Pablo Alonso e María Pazo (GESSMin) Iago Pozo e Laura Andrés (GESSMin) Marta Caride e Juan José García (GTE)	2º Bach	6



Figura 6: Xornada de portas abertas co IES de Soutomaior. A) I. Pozo, L. Andrés e A. Loroño na visita ao laboratorio de Conservación do Patrimonio. B) M. Caride e J.J. García na visita ao laboratorio de Combustibles Renovables. C) M. Cordeiro, J. López e P. Araújo na visita ao laboratorio de Eficiencia Enerxética

2.5 Visitas á EEME para recibir información sobre a oferta formativa do centro (graos)

En colaboración co SIE (Servizo de Información ao Estudantado da UVIGO), 23 centros de ensinanza visitaron a EEME para recibir información sobre os graos impartidos na Escola (Táboa 8) cun total de 396 estudantes.

Táboa 8: Sesións informativas sobre os graos impartidas na EME no curso 2025/2026.

Data	Centro	Nivel do alumnado	Nº de asistentes	Persoal da EEME
12/01/2026	IES Illa de Tambo (Marín)	2º Bach	21	Raquel Pérez
12/01/2026	IES As Barxas (Moaña)	2º Bach	7	Raquel Pérez
13/01/2026	CPR Plurilingüe Jesuitinas Miralba (Vigo)	2º Bach	14	Raquel Pérez
14/01/2026	CPR Divino Salvador (Vigo)	4º ESO	7	Raquel Pérez
14/01/2026	Colexio Los Sauces (Vigo)	2º Bach	18	Raquel Pérez
15/01/2026	IES Coruxo (Vigo)	2º Bach	16	Raquel Pérez
15/01/2026	IES da Cañiza (A Cañiza)	1º e 2º Bach	9	Raquel Pérez
16/01/2026	IES República Oriental do Uruguay (Vigo)	2º Bach	21	Raquel Pérez
08/04/2026	Colexio Lar (Mos)	1º Bach	8	Raquel Pérez
08/04/2026	Colexio Amor de Deus (Vigo)	2º Bach	18	Raquel Pérez
08/04/2026	IES Alexandre Bóveda (Vigo)	2º Bach	15	Raquel Pérez
08/04/2026	IES Mendiño (Redondela)	2º Bach	15	Raquel Pérez
09/04/2026	IES San Paio (Tui)	1º Bach	21	Raquel Pérez
09/04/2026	IES San Tomé de Freixeiro (Vigo)	1º Bach	41	Raquel Pérez
10/04/2026	CPR San José (Vigo)	4º ESO	17	Raquel Pérez
10/04/2026	IES do Castro (Vigo)	2º Bach	21	Raquel Pérez
10/04/2026	IES Pedro Floriani (Redondela)	1º Bach	9	Raquel Pérez
10/04/2026	IES A Sangriña (A Guarda)	2º Bach	9	Raquel Pérez
10/04/2026	IES Santa Irene (Vigo)	2º Bach	10	Raquel Pérez
13/04/2026	IES A Guía	1º Bach	6	Raquel Pérez
13/04/2026	IES Politécnico (Vigo)	1º Bach	33	Raquel Pérez
14/04/2026	Colexio Estudio (Nigrán)	3º-4º ESO	45	Raquel Pérez
14/04/2026	IES Pino Manso (O Porriño)	1º Bach	15	Raquel Pérez

3 Participación en Feiras de Orientación Universitaria

A EEME, neste curso 2025/2026, participou en 3 Feiras de Orientación Universitaria, indicadas na Táboa 9. Como número xeral de persoas asistentes aos *stands* da EEME pódese indicar 100 asistentes.

Táboa 9: Feiras de Educación nas que participou a EEME no curso 2025/2026

Data	Feira científica	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
08/10/2025	EDUGAL. Feira de orientación universitaria	Raquel Pérez Pablo Alonso Alejandro Loroño Brian Torres	ESO, Bacharelato e ciclos formativos	300
09/10/2025	EDUGAL. Feira de orientación universitaria	Laura Andrés Pablo López Raquel Pérez Isaías Maytin	ESO, Bacharelato e ciclos formativos	300
10/10/2025	EDUGAL. Feira de orientación universitaria	Javier López Ignacio Pérez	ESO, Bacharelato e ciclos formativos	200
15/01/2026	Feira de Orientación Colexio Jesuitinas-Miralba	Raquel Pérez	ESO, Bacharelato	120
20/02/2026	(In)Fórmate: III Xornada Tecnica sobre formación e futuro laboral	Raquel Pérez e Paula Vega	ESO, Bacharelato	80



Figura 7: Participación en Feiras de Orientación. A) J. López e I. Pérez en EDUGAL 2026 (Pontevedra). B) Stand da EEME na xornada de orientación organizada polo Colexio Miralba (Vigo). C) P. Vega e D) R. Pérez en (In)Fórmate (Vilagarcía de Arousa).

4 Participación noutros eventos de divulgación científica

4.1 Expo-feira científica "A ciencia que vén"

A Escola participou na expofeira científica "A Ciencia que vén", organizada dentro do plan de actividades de divulgación "Ciencia de Ida e Volta" para o ano 2026, organizado pola Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo. O evento, celebrado o 29 de maio en Sabarís (Baiona), contou cun *stand* da EEME, no que se realizou o obradoiro interactivo "*Tesouros baixo os teus pés: a ciencia dos minerais*", a cargo de Pablo Alonso e María Pazo.

Táboa 10: Participación en expofeiras científicas.

Data	Destinatarios	Actividade	Persoal da EEME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
29/05/2026	Público en xeral	Obradoiro interactivo: Tesouros baixo os teus pés: a ciencia dos minerais. Expofeira "A Ciencia que vén"	Pablo Alonso e María Pazo	Público en xeral	180



Figura 8: A) P. Alonso guiando a actividade virtualizada. B) Materiais da actividade *Tesouros baixo os teus pés: a ciencia dos minerais*, na expofeira "A ciencia que vén" (Baiona).

4.2 Noite Europea das Persoas Investigadoras

A Escola participou nas actividades que se realizaron na Noite Europea das Persoas Investigadoras o 26 de setembro de 2025, actividade organizada pola Unidade de Cultura Científica da UVIGO. Profesorado da Escola participou nas seguintes actividades:

- **Expo-feira científica** (Edificio Redeiras – Vigo). Iria Feijoó, Carmen Martínez e Silvia Gómez, co *stand* "*Materiais: ciencia ficción ou realidade*".

4.3 Pint of Science

A Escola participou nas actividades que se realizaron na XI edición do evento *Pint of Science* Vigo, celebrado o 19 de maio de 2026, actividade organizada pola Asociación de Divulgación Científica "*Pint of Science* España". A profesora e investigadora da nosa Escola, María Pazo, impartiu o obradoiro titulado "*Ciencia para coidar a auga do futuro*", dentro do programa Pint KIDS, no Café de Catro a Catro (Vigo).




Figura 9: Participación nos eventos da G-NIGHT, con I. Feijoó na Expofeira de Redeiras (A) e M. Pazo durante a súa conferencia no *Pint of Science* (B).

4.4 Participación en Feiras de minerais

A EEME encargouse de organizar os seminarios de recoñecemento de *visu* de minerais en feiras de minerais ás cales asisten público en xeral e alumnado dos centros educativos da contorna. (Táboa 11). Estímase unha interacción con 356 estudantes de centros de primaria e secundaria.

Táboa 11: Feiras de minerais nas que o persoal da EME participou organizando o seminario de recoñecemento de minerais *de visu*.

Data	Feira	Persoal da EEME	Nivel del alumando	Nº de asistentes
05/03/2026	XI Feira de Minerais en Santiago de Compostela	Raquel Pérez Paula Vega Pablo Alonso	Secundaria e Bacharelato	180
06/03/2026	XI Feira de Minerais en Santiago de Compostela	Ignacio Pérez Diego Costas Paula Vega Adam Baoujaafar	Secundaria e Bacharelato	176



Figura 10: Participación da EEME nas actividades da Feira de Minerais de Santiago de Compostela. (A) D. Costas, P. Vega, I. Pérez e A. Aboujaafar no posto da EEME. P. Alonso e P. Vega (B) xunto con I. Pérez, A. Aboujaafar e D. Costas (C) guiando o Obradoiro de Recoñecemento de Minerais.

4.5 Día da Muller e da Nena na Ciencia na EEME

O día 11 de febreiro celebrouse o *Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia*. Un día que ten como obxectivo amosar a presenza ou falta de mulleres no ámbito científico-tecnolóxico. O Enlace de Igualdade da EEME, a investigadora María Pazo Rodríguez, xunto coa Unidade de Igualdade e a Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo organizaron este ano novamente a Xornada

"Elas Fan CienTech". O evento consiste na realización dunha serie de actividades e obradoiros nos que participaron 31 nenas do IES do Castro de Vigo (Figura 11).

Para romper o xeo, participaron na actividade de igualdade "*EnerXIKAs*", da man de María Pazo e Raquel Pérez, onde traballaron aspectos relacionados cos estereotipos e tamén coñeceron de primeira man perfís de mulleres referentes no eido da Enxeñaría da Enerxía a través dun xogo por equipos.

Ademais, durante a mañá participaron na xincana: *"The She-ience games: Catching Fire"* (organizada pola investigadoras Marta Caride e Noelia Bouzas) onde despois de amosarlles diferentes experimentos de combustión, por equipos tiveron que resolver un "rosco" de preguntas sobre o tema.

Tamén se organizou a actividade "*Crebacabezas dos Materiais*", impartida por Iria Feijoó, María Araújo, Silvia Gómez e Carmen Mariño. Nela, as participantes puideron adentrarse no mundo da metalurxia e coñecer todo o proceso de obtención dos materiais metálicos máis comúns (dende a súa orixe baixo terra, ata a fabricación do produto final).




Figura 11: Actividades desenvolvidas durante o Día internacional da nena e da ciencia o 11 de febreiro: A) Benvida e presentación; B) *EnerXIKAs*; C) e D) *The She-ience Games*; E) e F) *Crebacabezas dos Materiais*.

4.6 Olimpíada de Xeoloxía 2026 – Fase galega

O 4 de febreiro do 2026 celebrouse na EEME a XVII Olimpíada de Xeoloxía. Nesta edición participaron 114 estudantes de ESO e Bacharelato de 17 centros educativos da provincia de Pontevedra (IES Johan Carballeira, IES A Guía, IES Primeiro de Marzo, IES Plurilingüe Terra de Turonio, IES Coruxo, IES Salvaterra de Miño, IES Ribeira do Louro, IES Mendiño, IES Politécnico de Vigo, IES Teis, IES Pedras Rubias, IES República Orienta do Uruguai; IES San Paio, IES Indalecio Pérez Tizón, IES Val Miñor, IES Valle Inclán e IES Pedra da Auga).

A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa que pretende:

- Fomentar o interese polos contidos propios da Xeoloxía e do conxunto das Ciencias da Terra

- Animar ao alumnado participante a comezar estudos universitarios relacionados coa Xeoloxía
- Destacar a importancia dos coñecementos en Xeoloxía para: (i) a preservación do medio natural, (ii) a xestión racional dos recursos e (iii) a adopción de medidas ante impactos e riscos xeolóxicos.

Esta actividade é organizada pola AEPECT (*"Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra"*) e o *"Colegio Oficial de Geólogos"*; a EEME colabora no seu desenvolvemento dende 2011. Ao longo do día o alumnado participante enfrontouse a un exame teórico e unha proba práctica, unha xincana xeolóxica, que se realizou nas instalacións da EEME. Pola tarde, a EEME organizou unha serie de obradoiros relacionados con diferentes ámbitos nos que o coñecemento da Xeoloxía é un recurso necesario, que foron:

- "*Intelixencia Artificial para o recoñecemento de minerais*", M. Cordeiro, P. López e R. Pérez.
- "*Paleontoloxía 3D*", B. Díez, M. García, S. Fernández e S. Bermúdez.
- "*Enxeñaría de Materiais*", P. Alonso e S. González.
- "*Piro&Tecnia*", A. Franco, M. Caride, J. Caramés e J.J. García.



Figura 12: Celebración da Olimpíada de Xeoloxía en 2026. Arriba, foto de familia. Centro, estudantado participante realizando as probas prácticas. Abaixo, persoas gañadoras e equipo de colaboradores da EEME que participaron no guiado dos grupos pola Escola.

Táboa 12: Actividades realizadas durante a xornada da XVII Olimpíada de Xeoloxía e persoal da EEME participante.

Actividade	Data	Centros participantes	Curso	Número de asistentes	PDI participante	Actividade
XVII Olimpíada de Xeoloxía (Fase Galega)	04/02/2026	IES A Guía (Vigo) IES Coruxo (Vigo) IES de Teis (Vigo) IES Indalecio Pérez Tizón (Tui) IES Johan Carballeira (Bueu) IES Mendiño (Redondela) IES Pedra da Auga (Ponteareas) IES Pedras Rubias (Salceda de Caselas) IES Plurilingüe Terra de Turonio (Gondomar) IES Politécnico de Vigo (Vigo) IES Primeiro de Marzo (Baiona) IES Republica Oriental do Uruguai (Vigo) IES Ribeira do Louro (O Porriño) IES Salvaterra de Miño (Salvaterra de Miño) IES San Paio (Tui) IES Val Miñor (Nigrán) IES Valle Inclán (Pontevedra)	4º ESO, 1º e 2º Bach	114	Bienvenido Díez, Manuel García, Samuel Fernández e Sara Bermúdez Moisés Cordeiro, Pablo López e Raquel Pérez Juan José García, Marta Caride, Amanda Franco e Jorge Caramés Silvia Gómez e Pablo Alonso Adam Aboujaafar, Ángel Carrera, Lucas Chorén, Yago Loureiro, Guillermo Lubián, Diego Mena, Paulina Tomé	Paleo 3D Intelixencia Artificial Piro&Tecnia Crebacabezas dos materiais Guiado dos grupos polo centro

4.7 Olimpíada de Xeoloxía 2026 – Fase nacional

O 21 de marzo de 2026, a EEME acolleu a fase nacional da 17ª Olimpíada Española de Xeoloxía, actividade de ámbito estatal organizada no marco da Olimpíada Española de Xeoloxía. A actividade contou coa participación de 95 estudantes procedentes de diferentes sedes territoriais, acompañados por 37 docentes, aos que se sumaron os catro estudantes gañadores da edición de 2025. A organización implicou a participación da AEPECT-Galicia, dunha comisión de verificación das probas e dun equipo de 8 persoas da EEME, responsable de tarefas de coordinación, organización e apoio ao desenvolvemento da actividade.



Figura 13: Celebración da 17ª Olimpíada Española de Xeoloxía en 2026. Foto de familia.

A celebración desta fase nacional na EEME permitiu desenvolver unha actividade de carácter educativo e divulgativo de ampla participación territorial, centrada na avaliación e aplicación de coñecementos de Xeoloxía e Ciencias da Terra mediante probas teóricas individuais e probas prácticas e grupais, incluíndo unha xeoxincana e a resolución de supostos relacionados coas aplicacións da Xeoloxía, os seus impactos e a súa xestión. A actividade completouse cun programa de convivencia e divulgación no ámbito local. A acollida desta fase nacional supuxo, así mesmo, unha oportunidade para reforzar a actividade de divulgación científica da EEME, favorecer a interacción con alumnado e profesorado de diferentes territorios e dar visibilidade ás titulacións e ámbitos de coñecemento vinculados ás Ciencias da Terra e á Enxeñaría.



Figura 14: Imaxes da xornada de celebración e das probas da 17ª Olimpíada Nacional de Xeoloxía na EEME.

4.8 Foro Tecnolóxico de Emprego

Os días 24 e 25 de febreiro de 2026 tivo lugar a XXVI edición do Foro Tecnolóxico de Emprego. Este evento é organizado polas Delegacións de Alumnado das tres escolas de enxeñaría da UVigo: Telecomunicacións, Minas e Enerxía e Industriais. Está pensado para axudar ao estudantado a ter o primeiro contacto cos responsables de RRHH de numerosas empresas do sector tecnolóxico e da enxeñaría.

Nesta edición, coma cada ano, algúns dos nosos estudantes participaron no equipo de organización, así como nos equipos de colaboración.

Este ano participaron máis de 50 empresas do sector, impartíronse 9 *workshops* e charlas, e realizáronse 3 actividades.

5 II Olimpíada da Enerxía.

O 29 de abril de 2026 celebrouse a II Olimpíada da Enerxía, organizada pola EEME co obxectivo de achegar as disciplinas STEM ao alumnado preuniversitario e promover o coñecemento e interese polo sector enerxético e pola transición enerxética.

A actividade estruturouse en dúas fases complementarias. Na primeira fase, o equipo docente e investigador da Escola elaborou un conxunto de materiais didácticos e recursos formativos, dispoñibles na web do proxecto (https://olimpiadaenerxia.uvigo.gal/), orientados a facilitar o traballo do profesorado dos centros de ensino medio. Estes materiais abranguen contidos teóricos, propostas prácticas e unidades sobre enerxías renovables, produción eléctrica e térmica, eficiencia enerxética, economía circular e o papel da muller na ciencia. O obxectivo era dotar o profesorado das ferramentas necesarias para preparar o alumnado cara á segunda fase do proxecto: a celebración da Olimpíada propiamente dita.

A segunda edición contou coa participación de 63 estudantes de 5 centros de educación secundaria de diferentes puntos de Galicia: IES do Castro (Vigo), SEK International School Atlántico (Pontevedra), IES Plurilingüe Rosalía de Castro (Santiago de Compostela), IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia) e IES Río Cabe (Monforte de Lemos).



Figura 15: Foto de familia das persoas participantes na II Olimpíada da Enerxía.

Durante a xornada de celebración da Olimpíada realizáronse diferentes probas, tanto individuais como en equipo, que combinaban coñecementos teóricos e aplicacións prácticas vinculadas ás temáticas anteriormente mencionadas:

- Test teórico individual sobre enerxía e sostibilidade
- Proba de divulgación científica, na que o alumnado debía comunicar un concepto enerxético de forma clara e atractiva
- Debate sobre enerxía, sociedade e cambio climático
- Proba *"Fake news"*, orientada a identificar información falsa ou pouco rigorosa no ámbito científico
- Exposición "Mulleres Enerxéticas", na que se presentaron pósteres elaborados polo alumnado sobre figuras femininas relevantes no campo da enerxía.

Pola tarde realizouse unha xincana de carácter mixto, na que se combinaron estudantes dos diferentes centros participantes co obxectivo de favorecer a interacción, a convivencia e o establecemento de relacións entre o alumnado, máis alá dos seus respectivos equipos e centros de

procedencia. A xornada incluíu tamén outras actividades de divulgación científica complementarias e rematou coa entrega de premios e diplomas. A Táboa 13 recolle en detalle a participación do equipo investigador e outras persoas colaboradoras da Escola na celebración desta xornada.



Figura 16: Imaxes da xornada de celebración e das probas da II Olimpíada da Enerxía na EEME.

Como parte do premio recibido, o equipo do IES Lagoa de Antela, galardoado co primeiro premio, realizou posteriormente unha visita á central hidroeléctrica de Velle, ofrecida por Naturgy.



Figura 17: Arriba, equipo do IES Lagoa de Antela, galardoado co 1º premio de centros. Abaixo, xornada de visita dos gañadores/as á Central Hidroeléctrica de Velle.

Táboa 13: Actividades realizadas durante a xornada da II Olimpíada da Enerxía e persoal da EEME participante.

Data	Evento	Número asistentes	PDI participante	Actividade	Lugar / Responsable
29/04/2026	II Olimpíada da Enerxía	55	Salomé Álvarez Fran Deive Marta Cabeza	Proba Teórica	EEME (Fran Deive – Elena Alonso)
29/04/2026	II Olimpíada da Enerxía	22	Daniel Jiménez Amanda Franco Mario Soilán Andrés Suárez Iván Puente	Proba Divulgación Científica	EEME (Raquel Pérez – Elena Alonso)
29/04/2026	II Olimpíada da Enerxía	63	David Patiño María Araújo Sergio Chapela Pablo Eguía Pablo López Moisés Cordeiro	Proba Debate	EEME (David Patiño, María Araújo – Elena Alonso)
29/04/2026	II Olimpíada da Enerxía	10	Daniel Jiménez	Acompañamento alumnado PUM	EEME (Daniel Jiménez – Elena Alonso)
29/04/2026	II Olimpíada da Enerxía	18	Marta Caride Juan José García	Actividade Paralela: Combustión	EEME
29/04/2026	II Olimpíada da Enerxía	41	María Pazo Katya Cordon Pablo Alonso	Actividade Paralela: EnerXIKAS	EEME
29/04/2026	II Olimpíada da Enerxía	63	Pablo Alonso Katya Cordon María Pazo Marta Caride Juan José García Amanda Franco Moisés Cordeiro Pablo López Javier López Raquel Pérez	Xincana Enerxética	EEME (Raquel Pérez)
29/04/2026	II Olimpíada da Enerxía	63	Adam Aboujaafar Ángel Carrera Rosalía Chas Ignacio García Yago Loureiro Diego Mena Aymane Najib Diego Rodríguez Paulina Tomé Paula Vega	Guiado pola EEME	EEME (Raquel Pérez – Elena Alonso

6 Material e outros recursos materiais de promoción e divulgación

Na Táboa 14 reflíctese a impresión de folletos informativos sobre as titulacións da EEME e a contribución á prensa escrita mediante a redacción de artigos asinados principalmente pola directora da EEME nos que se recolle a necesidade de profesionais dedicados á xestión sostible de recursos minerais e enerxéticos.

Táboa 14: Recursos materiais elaborados este ano co obxectivo de promocionar as titulacións da EEME

Material	Responsable	Descrición	Canles de difusión	Data
Carteis e trípticos dos graos	Coordinadora Comisión Difusión	Carteis e trípticos con información sobre os Graos da Escola e a Aula Aberta á Tecnociencia	Entrega aos participantes nas actividades de difusión. Envío a centros de ESO e Bacharelato	Ao longo do curso
Merchandising	Coordinadora Comisión Difusión	Material de obsequio (bolsas, lanternas, sets escritura, cubre cámaras…)	Entrega aos participantes durante as actividades de difusión	Ao longo do curso
Notas en prensa	Dirección da EME	Anuncios no Faro de Vigo, La Voz de Galicia e no DUVI	Faro de Vigo, La Voz de Galicia e DUVI	Diversas novas xeradas en torno a proxectos e concursos
Facebook	Coordinadora Comisión Difusión	Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso
Instagram		Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso
Canal Youtube		Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso

7 Concursos

Ademais, a EEME convocou unha serie de concursos para dar a coñecer temáticas relacionadas coas saídas profesionais das titulacións. A publicidade destes concursos realizouse a través das redes sociais, web, *e-mails* e cartas aos centros e colectivos de interese.

7.1 ENFOCA.RME 2025

O 10 de decembro de 2025 tivo lugar na EEME a entrega de premios dos concursos Enfoca.RME 2025. Con respecto ao concurso fotográfico recibíronse máis de 60 fotografías candidatas.

A fotografía gañadora foi *"Gran placa fotovoltaica"* realizada por José Reyes Belzunce.



Figura 18: J. Reyes Belzunce, *"Gran placa fotovoltaica"*, 1º premio Enfoca.RME 2025.

O segundo premio recibiuno José Ángel Arias, pola obra "*Salida de la luna por el parque eólico*":



Figura 19: J.A. Arias, "*Salida de la luna por el parque eólico*", 2º premio Enfoca.RME 2025.

Concedeuse, de xeito extraordinario, un accésit á obra titulada "*Mirando hacia el futuro*", realizada por Ricardo Hernández Bouzada, estudante do Grao en Enxeñaría da Enerxía.



Figura 20: R. Hernández Bouzada, *"Mirando hacia el futuro"*, accésit Enfoca.RME 2025.

7.2 MULLE.RME 2026

Este concurso organizouse co Enlace de Igualdade na EEME, María Pazo Rodríguez. Trátase dun concurso de fotografía co obxectivo dar visibilidade á muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas, materiais e enerxía: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc. Presentáronse 24 fotografías. O 17 de marzo tivo lugar a entrega de premios do concurso fotográfico Mulle.RME 2026. As fotografías gañadoras foron:

- 1º Premio: "*A muller na industria Offshore I*", de Philip Walter Swenson e Andrea Vidal Rivera.

Recolleu o premio de forma telemática a protagonista da fotografía. A descrición da foto é a seguinte: "*A profesional destaca sobre o horizonte mariño dun parque eólico en construción. A imaxe pon en valor o esforzo, a determinación e o rigor técnico necesarios para operar en contornos esixentes, especialmente no ámbito offshore.*".




Figura 21: P.W. Swenson e A. Vidal Rivera, *"A muller na industria Offshore I"*, 1º premio Mulle.RME 2026.

- 2º Premio: *"Camiños por picar"*, de Brian Rodríguez Torres, alumno do Grao en Enxeñaría da Enerxía.

Recolleu o premio de forma presencial o autor da fotografía. A descrición da foto é a seguinte: *"Zona de traballo, refuxio militar e incluso a sepultura de moitos homes. A mina de "Blue Stone" en Richelsdorf reflicte a dureza da minería, e amosa como a forza bruta era sinónimo de calidade. Agora, a mirada dunha muller percorre estas galerías, redescubrindo camiños xa picados e outros que xa non tanto".*



Figura 22: B. Rodríguez Torres, *"Camiños por picar"*, 2º premio Mulle.RME 2026.

8 STEMBach

Ao longo do curso 2025/2026 o centro participou no programa STEMBach cos seguintes proxectos e IES. Indícanse a continuación os centros e o profesorado da EEME que titoriza os traballos.

— IES República Oriental do Uruguai (Vigo); Bienio 2024/2026; Francisco Deive, Ana Rodríguez e Asunción Longo (1 estudante). Defendido o 12/03/2026.

— CPR Plurilingüe Las Acacias (Vigo); Bienio 2024/2026; Santiago Pozo e Daniel Desmond (3 estudantes). Defendido o 15/01/2026.

— CPR Plurilingüe Las Acacias (Vigo); Bienio 2025/2027; Santiago Pozo e Daniel Desmond (3 estudantes). En marcha.

— IES Primeiro de Marzo (Baiona); Bienio 2025/2027; Francisco Deive, Salomé Álvarez e Asunción Longo (3 estudantes). En marcha.

9 Redes sociais

As redes sociais en activo son:

- *Instagram*: https://www.instagram.com/Escuelaminasyenergiavigo/?hl=es
  cun total de 1692 seguidores.
- *Facebook:* https://www.facebook.com/Escuelaminasyenergiavigo/
  cun total de 877 seguidores.
- *YouTube:* https://www.youtube.com/channel/UC0-4jP2KBPwuMBBuSbBP5hg
  cun total de 66 subscritores.

10 Valoración do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do curso 2025/2026.

A modo de resumo preséntanse os principais datos en relación ás actividades de promoción da Escola.

Durante este curso 2025/2026, persoal da EEME visitou 44 centros para impartir conferencias temáticas de divulgación científica, atendendo directamente a 2014 estudantes. A exposición itinerante estivo en 8 centros galegos.

Realizáronse 5 obradoiros de recoñecemento de minerais *de visu* (un total de 161 estudantes) e 6 nos IES que así o solicitaron (cun total de 326 asistentes). A EEME organizou os obradoiros de recoñecemento de minerais dunha das feiras de minerais máis importantes de Galicia: a de Santiago de Compostela (cun público asistente de 356 rapaces e rapazas).

16 centros realizaron algunha das actividades da Aula Aberta á TecnoCiencia (503 asistentes).

A través da organización do SIE (Servicio de Información ao estudantado) 23 IES pasaron pola EEME para recibir información sobre os nosos graos cun total de 396 asistentes.

Nas Xornadas de Portas Abertas participaron 6 asistentes.

Coa celebración da II Olimpíada da Enerxía e a XVII Olimpíada de Xeoloxía chegouse a 5 e 17 centros educativos, correspondendo a 63 e 114 persoas respectivamente.

Cabe sinalar que a participación da EEME no programa STEMBach mantense estable na EEME.

Celebráronse os concursos:

- ENFOCA.RME 2025
- MULLE.RME 2026

A presenza da EEME nas redes sociais foi axeitada e a través delas deuse visibilidade aos graos e as actividades desenvolvidas na Escola.

Cabe sinalar que o persoal da EEME atendeu directamente a un total de 4900 estudantes de ESO, Bacharelato e FP, sen contabilizar a atención noutras actividades nas que non é sinxelo recoller a información do alumnado atendido (feiras educativas e o resto de eventos que se recollen no informe e dos que se proporciona una estimación do número de persoas asistentes). En calquera caso a cifra de alumnado atendido directamente é moi relevante e mantívose respecto ao dato do curso anterior, motivo que xustifica unha boa valoración das actividades realizadas no marco do Plan de Promoción das titulacións do centro.

En Vigo, a 06 de outubro de 2026

Firmado digitalmente por PEREZ OROZCO RAQUEL - 44491278D
Fecha: 2026.10.06 12:37:59 +02'00'

Raquel Pérez Orozco

Coordinadora da Comisión de Difusión da EEME

ANEXO I

Actividades Divulgación Científica (curso 2025-2026) - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Estimad@s amig@s,

Son Raquel Pérez, subdirectora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e compráceme amosarlles as actividades que oferta a nosa Escola, totalmente **gratuítas**, que poden ser de interese para completar o contido das materias impartidas no seu centro. Poden atopar información máis detallada sobre as mesmas nos documentos adxuntos a este correo e na nosa páxina web: https://minaseenerxia.uvigo.es/divulgacion/actividades-para-centros-educativos/as-nosas-propostas-para-centros-educativos/

1. **CHARLAS DIVULGATIVAS E MONOGRÁFICAS**: Pomos a súa disposición dous tipos de charlas: i) sobre os graos que se imparten no noso centro: Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Grao en Enxeñaría da Enerxía, para amosar as competencias e saídas profesionais do noso alumnado, e ii) charlas monográficas centradas nun tema específico.
2. **ACTIVIDADES RELACIONADAS CON IGUALDADE**: Charla monográfica sobre a *Muller na Enxeñaría*.
3. **OBRADOIRO DE RECOÑECEMENTO DE MINERAIS**: Nesta actividade, ademais dun recoñecemento de visu dos principais minerais, facemos fincapé na presenza destes na nosa vida cotiá e nos procesos de extracción dos mesmos.
4. **AULA ABERTA Á TECNOCIENCIA**: Trátase dun espazo no cal desenvolvemos actividades manipulativas divididas en varios módulos. Nestas sesións o seu alumnado poderá adquirir coñecementos científicos e técnicos a través da práctica.
5. **EXPOSICIÓN ITINERANTE**: Ofrecemos a posibilidade de albergar no seu centro educativo unha exposición de carácter didáctico e itinerante sobre Recursos Naturais de Galicia, Materiais e Reciclaxe, Restauración de Espazos Naturais, na que se describen os recursos enerxéticos e minerais dos que dispón Galicia e como é o seu aproveitamento actual. Consta de cinco *banners* con soporte autoportante de fácil montaxe.
6. **ACTIVIDADES DE PORTAS ABERTAS**: Visita aos diferentes laboratorios da Escola co obxectivo de que o seu alumnado poida coñecer as nosas instalacións e asistir a unha serie de actividades relacionadas con MATERIAIS, ENERXÍA e MEDIO AMBIENTE.

Por todo isto, se consideran que algunha destas actividades pode resultar interesante para o seu alumnado, non dubiden en poñerse en contacto connosco a través de correo electrónico (eme@uvigo.gal) ou teléfono (986 813 423 // 648 210 312).

Moitas grazas polo seu tempo e reciban un cordial saúdo.

Raquel Pérez Orozco
Subdirección de Divulgación Científica e Captación de Alumnado
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
https://minaseenerxia.uvigo.es/
Rúa Maxwell, campus Lagoas-Marcosende, 36310, Vigo
eme @uvigo.es || rporozco@uvigo.gal
986 813 423 || 648 210 312